

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº86/ Ano: 2024 / 2º xornal Mes de maio/ Estado de Letras Galegas

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Novos tempos para os estudos Históricos, Etnográficos e Arqueolóxicos. **Páx. 1**

Finou, Manuel Reboiras, veciño do barrio de Caño. Unha aperta á súa familia. **Páx. 3**



O noso colaborador **Jacobo Fernández**, foi nomeado “Biólogo do ano” polo Colexio de Biólogos de Galicia, que ten como Decano ao Director do Parque Nacional Illas Atlánticas. **Páx. 5**



Traballadores de Parques recibiron formación para actuar en emerxencias e evacuacións. **Páx. 6**

Manel Loureiro recibe o Premio “Fernando Lara” por unha novela ambientada na Illa de Ons. **Páx. 6**



Necesidade de patrocinar estudos histórico-etnográficos
É necesario que tanto a Consellería xestora como o Concello de Bueu financien investigacións sobre as características desta Illa. **Páx. 2**

Salgadoiro de Suxestións

Apoio dos lectores para a celebración dun “Día das Letras de Ons”. **Páx. 3**



Preguntas ao Parlamento polas obras da Illa e o futuro destino do Faro de Ons, realizadas pola veciñanza auniense. **Páx. 4**

Contos de Taberna

Adrián Ferrer, que fôra Concelleiro de Medio Ambiente no concello de Bueu, declarou a República Independente de Ons no Parlamento de Galicia. **Páx. 5**

Na foto, con gorra clara, xunto a Cesáreo e o seu bisneto



Breves en Páx. 7 (Ponte Letras Galegas)

- Pasarela a Area dos Cans
- Tambores de Obras
- Eliminación de alóctonas
- Rochas sen vida

A finais dos 70 s.XX, Fernando Alonso Romero reivindicaba para Ons o arranxo dunha das casas que estaban sen habitar para dedicala a Museo. A partires de 1982, mediante artigos de prensa e con escritos á administración, eu pedín aos organismos que xestionaban a Illa que patrocinaran estudos sobre a Historia e Etnografía desta Illa. Non houbo resposta positiva. Os anos pasaban e seguimos solicitando esas tarefas investigadoras, pero agás algúns traballos individuais realizados por persoas interesadas no coñecemento deste arquipélago e pola súa conta, non se avanzaba no coñecemento das feiteceiras características aunienses. No 1998 xurde a Asociación Cultural **Pineiróns** e toma esa angueira reivindicativa como principal obxectivo, aumentándoa cando Ons pasa a formar parte do primeiro Parque Nacional de Galicia. Tiñamos esperanzas de que con ese novo status a cousa cambiaría, pero non, os responsables do Parque, case todos eles relacionados coa especialidade de Bioloxía, dedicábanse máis á fauna, flora e o medio ambiente, deixando as principais características de todas as illas que conforman o Parque, as que tiñan relación coa **ocupación humana**, a súa cultura, historia e patrimonio, totalmente abandonadas ou con residuais dedicacións a elas.



Recoñecemos a súa importancia biolóxica, pero un Parque Nacional non pode esquecerse doutras características que pode ter ese lugar e, no caso das Illas do noso Parque, e a medida que se vai investigando sobre el dun xeito técnico e profesional, vemos que a parte antropoxénica, en todas as illas, é importantísima e vén de épocas prehistóricas, polo que non pode deixarse de lado por parte da administración, de aí a necesidade de compaxinar e dedicarlle traballo e presuposto a todas as características das illas que conforman o Parque.

NOVOS TEMPOS

Durante os case 10 primeiros anos, dende o Parque, houbo unha dedicación máis ligada ao tema biolóxico e algo ao social, sobre todo no referente a poñer en orde a problemática veciñal que a estudos etno-antropolóxicos. Vai ser a partir do 2009 cando comeza, aínda que timidamente, unhas primeiras achegas cara a temática histórica e arqueolóxica, co descubrimento do primeiro petróglifo (Alonso Romero) e cos primeiros estudos de Paula Ballesteros sobre a Salga Romana de Canexol, a catalogación dos restos históricos e arqueolóxicos existentes e posteriormente sobre aspectos sociais, etnográficos e paisaxísticos. Estas primeiras achegas a estes estudos estiveron patrocinados polo Parque Nacional que despois ampliáronse ás demais illas do Parque, coa consolidación das casas do Pobo de Sálvora, algunhas das de Cortegada e outra pequena catalogación dos restos histórico-arqueolóxicos desas illas. Aínda que se informou ao Parque das necesidades de continuación desas primeiras actuacións, sobre todo as arqueolóxicas en Canexol, houbo outro parón de arredor doutros 10 anos, en que parecía que xa estaba todo feito con eses traballos de Ballesteros, sen embargo xurdían voces que animaban ao Director do Parque para que continuara ese camiño comezado e se patrocinaran catas arqueolóxicas en Canexol, estudos máis exhaustivos sobre os petróglifos, que se apoiaran investigacións histórico-etnográficas, que se prepararan salas no Centro de Visitantes para todo o material que dera a coñecer o pasado desta illa,...., todo foi paseniñamente ata que o arqueólogo Adolfo Fernández e a Uvigo, solicitaron o estudar eses xacementos romanos. Coido que ese foi o gran momento, sobre todo por facerse por persoas especialistas e dun xeito técnico-científico, o que fixo cambiar o *chip* ao Director do Parque e, a partires de aí, o campo de estudo, investigación e restauración do Patrimonio Histórico-Arqueolóxico é todo un feito do que hai que agradecer a Fernández Bouzas a súa disposición.

Fotos:

Arriba: Reconstrución da Capela da Illa de Cortegada

Medio: Castro de Cíes

Abaixo: Primeiras escavacións no Castro dos Mouros de Canexol (Ons)






Foto: Edificacións circulares do Castro dos Mouros en Canexol. Illa de Ons. Cedida Parque Nacional.

CASTRO DOS MOUROS EN ONS

Comezan as escavacións e, en pouco tempo, compróbase que os resultados son espectaculares, tendo en conta que Ons é unha illa e a dificultade que podería haber para habitala nos seus tempos; sen esquecermos dos obstáculos para a comunicación e posterior proxección e comercialización do que alí se podería fabricar ou extraer.

Eses descubrimentos, xunto co que xa se estaba a localizar e realizar nas outras illas do Parque, a carón do aspecto biolóxico, demostrou a importancia que tiveron e teñen estas illas nos temas socio-histórico-etnográfico, que fixo que os responsables do Parque se deran conta que un Parque Nacional pode ser moito máis que un espazo onde se desenvolven os seres vivos con outros inertes, senón que tamén pode engadirse nel a todo aquilo creado polo home e que ten un alto nivel histórico.


É por iso que, nos últimos anos, comprobamos que aspectos que antes se deixaban de lado, agora pasaron a formar parte *activa do Parque*, e así en Ons, temos unha Ruta dedicada a temática histórico-arqueolóxica, **RUTA DOS MÚRICES**, e no Centro de Visitantes creouse unha sala, aínda en expansión a medida do que apareza nas novas escavacións, dedicada á Arqueoloxía auniense.

Por iso, aínda que ás veces somos moi críticos, temos que recoñecer, polo menos polo demostrado nestes últimos anos, que os responsables do Parque están por unhas illas onde recoñecen que, xunto á importante parte biolóxica e medio ambiental, existe outra, tan ou máis interesante, a **socio-histórico-etnográfica**, que é necesario **potenciar e axudar**.

NECESARIAS AXUDAS Á INVESTIGACIÓN

Coido que dende a *Dirección Xeral de Patrimonio Natural*, agora con nova titular, e en colaboración tamén coa Consellería de Cultura, deberían potenciar *Axudas á Investigación Histórica* sobre esta Illa de Ons e, en especial pola súa urxencia, investigacións sobre temática **ETNOGRÁFICA**, pois nos máis de 150 anos de illamento que sufriron, crearon unha Cultura Popular Única que foi pasando oralmente de pais a fillos e que ningún investigador, agás pequenas excepcións, estudou dun xeito especializado.

Nestes intres poucos aunienses poderán recordar esas historias que os seus antepasados contaban á calor da lareira, nas duras faenas agrícolas, nos lavadoiros, nas fiadas, nos barcos de pesca,...., por iso recompilalas, interpretalas, dalas a coñecer,...., e con iso preservalas e garantir a súa difusión ás xeracións futuras, debería ser un **OBXECTIVO** importante para unha Consellería de Medio Ambiente que ten a obrigaón de *Protexer a Cultura Ambiental, Natural e Histórica* dunha Illa que forma parte do Único Parque Nacional galego e que eles administran e xestionan.



Primeiro traballo etnográfico sobre Ons realizado por Álvaro de las Casas nos anos 30 do século XX.


ONS NA MEMORIA. Cova de Fedorentos

Esta cova mariña, ou furna, conta cunha chea de historias e lendas sobre ela. Ao igual que todas as furnas de Ons, foron estudadas, con axuda do Parque, polo Club de Espeleoloxía "Aradelas". Editouse un magnífico libro, feito dun xeito técnico, didáctico e científico, sobre a súa formación, características, fauna e flora, pero falta un estudo etnográfico ao igual que de todas as características desta Illa.

Ons ten unha necesidade urxente de estudos en temática etnográfica, pero, como xa teño repetido ata a saciedade, estes teñen que ser realizados por persoas especialistas e dun xeito técnico e científico. Pois ben, aquí si ten o concello de Bueu moito que dicir, organizando uns premios, becas, axudas,...., específicas para estas investigacións, dotándoos dunhas axudas económicas que dean pé a incentivar a estes estudosos, pois sabemos a dedicación que teñen que destinar a elas e os custos que estas traen, horas de traballo, desprazamentos a arquivos,...., e demais gastos que conlevan. Así que, non hai **DESCULPAS** para que teñan a Ons abandonada.

CONCELLO DE BUEU

Ons pertence ao Concello de Bueu, pero o seu Grupo de Goberno, escudándose na falla de competencias, ten a Illa totalmente abandonada nos seus presupostos. Estamos cansos de tocar ese tema das competencias e tamén sabemos que non queren solucionalo, pero iso non xustifica que teñan a Ons orfa.



OUTRO AUNIENSE QUE SE NOS FOI

Este mes de maio, deixounos **Manuel Reboiras**, cariñosamente coñecido na Illa como *<Pescadilla>*.

Nos últimos barcos que traballou foron no do “Ceboleiro” e no “Sardiña”, onde se xubilou, pasando a formar parte deses aunienses que, armado cos seus aparellos, víamos collendo miñoa, camarón ou mexillóns para despois, nas súas postas do Castelo da Rueda e no Canexol, coller, coa súa cana india, a caldeirada para degustar, xunto á súa muller e familia, eses excelentes peixes que dá esta illa,. Dende Onstopus enviamos un saúdo a toda a súa familia, especialmente, ao seu neto **Adrián** que está a levar un excelente labor reivindicativa a prol da Illa, da veciñanza e sobre a cultura auniense.



Manuel Reboiras, con todos os seus aparellos, vindo da posta da praia de Canexol.

Fotos: Adrián Ferrer Reboiras



Á dereita, coa súa familia.
Á esquerda, Manuel Reboiras co seu neto Adrián.

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Con relación á nova de dedicar un *Día do Libro de Ons*. Esta lectora, que moito tivo que ver para coñecer mellor o mundo da Medicina Popular de Ons, envía esta suxestións:

“Muchas gracias Tino y enhorabuena por tu entusiasmo perenne con actividades de apoyo a la historia, biología, naturaleza, gente y cultura de las Islas Ons. Somos muchos los que te seguimos, valoramos y apoyamos tus iniciativas, meritorias y dignas de admiración. La creación del día del "libro de Ons" es una idea estupenda que no debería retrasarse más. Pondría en valor su rico patrimonio y seguramente supondría menor inversión económica que otras muchas celebraciones y actividades oficiales con menor repercusión en el desarrollo cultural de las personas cercanas a este espacio tan variado y singular. Algún día, deseamos que próximo, este sueño tuyo que compartimos muchos, se hará realidad y podremos celebrarlo. ...”

Moitas grazas pola túa suxestión que, como todas as que me envían, fan que a miña ilusión por difundir as vicisitudes desta illa, sigan o seu ritmo, sinxelamente, divulgativo.

E si a maiores conseguimos que Ons, e as demais illas do Parque Nacional, a carón da súa importancia medio ambiental, tamén acade o posto que se merece a nivel socio-histórico-etnográfico, o obxectivo estaría conseguido.



María Castroviejo xunto a Eugenia, auniense da que tanto María como o seu home Alonso Romero, obtiveron moita información sobre temática etnográfica.



AS PROBLEMÁTICAS VECIÑAIS DA ILLA DE ONS

Ons, sempre estivo esquecida pola administración. Agás casos puntuais, tivo que ser a base de fortes reivindicacións dos veciños, e de persoas non aunienses pero vinculadas a esta Illa, as que levaran estas reclamacións adiante.

Agora hai novas fórmulas para poder realizalas. Antes, os miles de escritos enviados, acababan na papeleira máis próxima á mesa do despacho de quen os recibía; agora, aínda que en moitos dos casos segue pasando, os veciños buscan novas fórmulas para que as súas demandas, polo menos, sexan lidas e, a poder ser, tratadas.

É por iso que veñen de enviar ao Parlamento dúas preguntas a ver se as persoas ás que lles deron o seu apoio cos seus votos, demostran que paga a pena ir votar.

PRIMEIRA CUESTIÓN

ANTECEDENTES DA PREGUNTA

A Xunta publicou a licitación das obras de acondicionamento da illa de ONS, segundo o plan previsto para levar a cabo os proxectos de mantemento e rehabilitación nos 12 Bens de Interese Cultural de titularidade pública galegos. Nesta actuación o orzamento previsto alcanza preto de 1,8 millóns de euros, dos cales a Xunta achega 400.000 euros

O obxecto da licitación fixa varios ámbitos de actuación como o acceso á illa, o centro de información, a rúa principal que atravesa o núcleo de O Curro, o acceso de vehículos pesados para obras e espazo para provisións, a contorna da depuradora, acceso ás praias do sueste, a implantación de sinalización dixital e mobiliario dos espazos públicos e, finalmente, a recuperación dos camiños da illa e un almacén para dornas.

Ademais da restauración de obras e infraestruturas tamén se actuará na mellora da xestión de residuos, adecuación e mellora de camiños e carreiros, implantación de medidas de protección medio ambiental, implantación de ferramentas para a xestión de fluxos turísticos e control de aforo de visitantes.

PREGUNTA:

¿Como se están a desenvolver na Illa de ONS (Terro municipal de Bueu) as obras con respecto ao contrato denominada: Acondicionamento da illa de ONS, Parque Natural Marítimo Terrestre da Illa de ONS, concello de Bueu, provincia de Pontevedra, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola LE?

SEGUNDA CUESTIÓN

ANTECEDENTES DA PREGUNTA

Antecedentes dunha actuación dentro doutras das illa do Parque Nacional das Illas Atlánticas (Illa de Sálvora). – EXEMPLO DE USOS DE CARÁCTER PÚBLICO.

A Xunta de Galicia anunciou a licitación do proxecto para a rehabilitación e impulso turístico do Faro da Illa de Sálvora, cun investimento de 1,5 millóns de euros. Este proxecto enmarcase dentro do Plan Xacobeo Next Generation, unha iniciativa que busca a mellora de 12 Bens de Interese Cultural, financiada con fondos europeos. As empresas interesadas poderán presentar as súas ofertas ata o 2 de febreiro, e o proxecto transformará o faro nun centro de interpretación.

Durante as obras, está prevista a conservación das estancias orixinais do faro, eliminando as construcións máis recentes. A envolvente do faro tamén será obxecto de melloras, como a substitución da carpintería e a limpeza da cantería. O proxecto ten un prazo de execución de 8 meses, e as obras comezarán unha vez se complete o proceso de licitación.

Este faro rehabilitado servirá como punto de divulgación turística e científica, destacando o seu papel no estudo do medio ambiente. As intervencións inclúen a restauración de elementos de forxa e outras actuacións que preservarán o valor patrimonial do lugar.

O faro da illa de ONS comeza a ter actuación de automatización por parte da autoridade portuaria de Marín, tal como se reflexa nesta noticia:

<https://www.diariodepontevedra.es/gl/articulo/o-morrazo/nova-etapa-fareros-ons/202310161324591274889.html>

PREGUNTA:

Que ten proxectado a Dirección xeral de Patrimonio Natural ou a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con respecto aos futuros usos para o faro da Illa de ONS, dadas as próximas xubilacións do actual persoal responsable (Fareiros)?

Pois, aquí quedan expostas. Eu encargareime de que este **Onstopus** chegue a todos os Grupos Parlamentarios. O que despois fagan, e cousa deles, pero debería ser importante para que os veciños teñan presente a quen votar nas próximas eleccións, de calquera tipo que sexan, e que non lles vaian contado historias.



JACOBO FERNÁNDEZ CASAL. BIÓLOGO DO ANO

O noso amigo e colaborador na Revista Cultural AUNIOS, *Jacobo Fernández*, foi distinguido o pasado 16 de maio como “**Biólogo do Ano**” polo colexio Oficial de Biólogos de Galicia.

Jacobo, ten unha traxectoria fantástica: foi o pioneiro do Cultivo do Rodaballo, Director de Insuñña empresa dedicada á cría de rodaballo, creou o Foro de Recursos Mariños e da Acuicultura, foi o promotor do ciclo Cultivando o Mar que se desenvolve en O Grove durante a Festa do Marisco, primeiro Director de Investigación de Pescanova Biomarine Center en O Grove, fundador do Acuario Galicia,..., entre outras moitas dedicacións ao mundo da Bioloxía, Ecoloxía e Medio Ambiente.

Na entrega do galardón como Biólogo do Ano, coincidiu co Decano dos Biólogos de Galicia, D. José Antonio Fernández Bouzas (Pepín), que é o Director do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.

PARABÉNS para Jacobo que o ten ben merecido.

Foto dereita: *Jacobo Fernández Casal e José A. Fernández Bouzas, no día do acto.*



Foto de familia no Colexio de Biólogos de Galicia. Pepín e Jacobo, segundo e terceiro pola esquerda.



Eliminación de plantas invasoras en Area da Cruz (Grove). A esquerda en vermello Jacobo Fernández.



CONTOS DE TABERNA

“Declaración institucional da Illa de Ons como <República Independente>


Aínda que xa choveu dende a primeira declaración da Illa de Ons como República Independente, esta non foi recoñecida polo Parlamento de Galicia, nin tan sequera no intre en que houbo un goberno bipartito.

Tivo que ser nesta lexislatura cando, o que fora concelleiro de Medio Ambiente en Bueu, Adrián Ferrer Reboiras, portando a boina do seu avó, presentouse no Parlamento de Galicia e dende a Tribuna de Oradores logrou **DECLARAR**, o que tantos anos estivo no <Caixón dos Esquecementos>, que a Illa de Ons, sexa:

<REPUBLICA INDEPENDENTE>

Agora si, dende as Consellerías correspondentes arranxarán todos os camiños. Poñerán unha nova Depuradora e conectarán a ela todas as casas aunienses. Haberá cartos para investigación serias sobre Historia, Etnografía, Fauna e Flora, Arquitectura Mariñeira,...Haberá un posto de Primeiros Auxilios cun médico/a durante todo o verán, extensible a todo o ano segundo a poboación auniense aumente. Tamén, todas as praias da Illa terán socorristas e funcionarán como é debido os medios de salvamento e traslado de urxencia. Potenciarase a agricultura con axudas mecánicas ou tradicionais aos aunienses que queiran traballar as terras de xeito ecolóxico. Haberá transporte marítimo subvencionado todo o ano, sempre que o estado do mar o permita. O Faro de Ons estará dedicado a Museo. Durante o verán haberá cursos de vela, voga e pesca (sen morte) dende Dorna, para dar a coñecer de xeito práctico como se desenvolveu a pesca e a economía auniense,...

Menos mal que os días son grandes, senón pensaríamos que estabamos no mismísimo 28 de decembro.



Por non dispoñer da portada do libro, poñemos este outro de Manel Loureiro.

UNHA NOVELA QUE SE DESENVOLVE NA ILLA DE ONS

O pontevedrés Manel Loureiro recibiu o premio “Fernando Lara” en Sevilla, coa súa novela titulada “*Cuando la tormenta pase*”.

A aventura sucede na Illa de Ons, e comenta: “*Os habitantes teñen moitos segredos que gardar e o protagonista terá que esforzarse para sobrevivir*”.

Cando teñamos acceso ao libro comentáremolo nestas páxinas.

Como xa expliquei en varios Onstopus, Ons está de “moda”. Nela gravouse unha película cun bo número de premios Mestre Mateo. Un bo número de documentais, destacando o último de Anxo Cabada e Antón Davila sobre a Dorna e a Pesca Tradicional do Polbo. Ten unha saída continua nos medios de comunicación escrita. FicBueu elixiuna para tutorizar a futuros creadores audiovisuales,...., e en internet está presente de xeito asiduo.

É por iso que a idea dun *Día do Libro de Ons* e a necesidade dunha **Biblioteca** especializada sobre as Illas Atlánticas, no Centro de Interpretación de Vigo e no futuro Museo do Faro de Ons, debería ser unha realidade para estudosos, investigadores,...., e público en xeral.

Na man das Institucións, Parques e Concello de Bueu, está que sexa unha realidade e que a visita a Ons teña un carácter Natural-Medio Ambiental, Didáctico e Investigador.

TRABALLADORES DO PARQUE NACIONAL RECIBIRÁN FORMACIÓN PARA ATENDER EMERXENCIAS E EVACUACIÓNS SANITARIAS (17/05/2024)

Dende a Xunta comunicaron que persoal do Parque adquiriu habilidades para realizar unha correcta prevención, avaliación e xestión de emerxencias e accidentes. Tamén procedementos para comunicación eficaz con 112 e o 061.

A iniciativa paréceme fantástica e importantísima, e debería realizarse, case obrigatoriamente, tamén para profesionais da educación, hostalería, fábricas,...., e en calquera empresa con máis de cinco persoas traballando nela, a vida de calquera persoa pode depender dunha boa práctica en primeiros auxilios e de saber desenvolverse ante unha situación de emerxencia.

Pero, no que respecta ás illas atlánticas e concretamente a Ons, que o persoal de Parques estea preparado é extraordinario, pero iso non debe quitar a imprescindible presenza dun/nha profesional médico ou Ats durante a época estival, que eu aumentaría de principios de xuño a finais de setembro.

Os profesionais dos servizos sanitarios son indispensables nunha illa que acolle un volume de persoas (entre visitantes, veciños, campamentos, cámping e traballadores) próximo ás 2.000 ou máis persoas e tendo en conta que é unha illa sen servizos e que poden pasar a noite máis de 800 persoas.

É por iso que, volvo a repetir, a iniciativa da Xunta de formar aos traballadores de Parques é loable, pero non poden substituír aos imprescindibles profesionais que, de xeito permanente, deberían estar en Ons de Xuño a finais de setembro.

Que en Ons houbera un Retén Permanente de Primeiros Auxilios, foi unha reivindicación veciñal e de visitantes dende hai máis de 35 anos, agora que Parques colleu esa competencia, o que agradecemos enormemente, que non desapareza.

Foto: Caseta de Primeiros Auxilios en Ons.



ONS ARQUEOLÓXICA

Axudas para Escavacións Arqueolóxicas

O 13 de maio de 2024, saíu publicado no DOGA nº 92, esta Orde coa que se regulan as Axudas para intervencións arqueolóxicas.

Coido que é un bo momento para que dende Parques e Concello de Bueu miren se poden solicitarlas para poder seguir investigando e escavando no Castro dos Mouros e nas salgas de Canexol.

Estas subvencións poderán aproveitarse tamén para as demais illas do Parque Nacional, tan necesitadas de prospeccións arqueolóxicas e estudos históricos.



CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

ORDE do 29 de abril de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de intervencións arqueolóxicas e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento CT104B).

Foto: Castro das Hortas. Illas Cíes. Ramón Patiño. Cedida Parque




NOVAS DA PONTE DAS LETRAS GALEGAS



Esquerda: A pasarela que une o peirao coa praia de Area dos Cans, está nun estado penoso e a terra procedente das riadas pola chuvía a cobren totalmente, esperamos que a arranxen axiña.

Dereita: Escóitanse “*Tambores de Obras*” pola zona de Curro, con bastante material de obra. O malo é que estamos á porta do verán. Os labores que tiñan que facer ao longo de outono-primavera, poranse a facelos agora?



Esquerda: Vimos no barrio do Caño un bo número de bolsas con material vexetal procedente das eliminacións que están a facer de vexetación alóctona ou prexudicial para un Parque Nacional. Estes traballos lévanos facendo dende hai anos e podemos comprobar que, ao seguinte, volven a brotar. Estarase facendo dun xeito efectivo e con supervisión técnica para evitar novos brotes?

Dereita: Xa vai para moitos anos que comprobamos que as rochas da zona leste da Illa están completamente brancas, é dicir, sen vexetación, nin fauna algunha. Estas rochas da foto, a carón do peirao, hai 20 anos estaban repletas de vida, mexillóns, arneiróns, algas de varios tipos, caramuxos,..., e ata a tan cotizada, hoxe en día, pineira, a que será debido? Hai moitas teorías, pero, coído que terán que ser os técnicos da Consellería de Pesca quen o estuden e avalíen. Farano?

FARO DA ILLA DE ONS

Por un Museo dos:

- Faros**
- Fareiros e**
- Naufraxios**

